



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 10 DE MARZO DE 2014 POLA QUE SE MODIFICAN DETERMINADAS PRESTACIÓNS DE ACCIÓN SOCIAL DE 2014 EN RELACIÓN COS CONTRATOS DE SEGURO.

O Consello de Goberno e Consello Social da UDC aprobaron con data 19 de decembro de 2013 o Orzamento da UDC para o ano 2014, no marco das liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2014-2015 aprobadas polo Claustro o día 4 de decembro de 2013. No escenario de deterioro do financiamento que vimos sufrindo, e que para 2014 descende no noso orzamento nun 3,9%, os esforzos que se están a facer no capítulo I de gastos de persoal están a lograr o mantemento do cadro de persoal e o seu crecemento vexetativo, mostrando as últimas liquidacións importantes axustes nos outros capítulos de gasto, significativamente no de bens correntes e servizos (capítulo II) e maiormente nos investimentos do capítulo VI.

A necesidade de equilibrar o Orzamento de 2014 coas previsións de ingresos recollidas nos anteriores documentos, esixiu reducir tamén as dotacións iniciais de crédito para Acción social na partida 10.00.422D.162.14 ata un importe de 490.000 euros, que tras cuantificar as incorporacións de crédito que se puideron aprobar, ascende a 724.517 euros. Este é o importe que finalmente se poderá dedicar ás prestacións sociais en 2014, tanto do PDI como do PAS. Fronte a un gasto de 887.622 euros realizado en 2013 para ambos colectivos, no que se inclúe o importe correspondente á exención da matrícula universitaria do persoal, a redución final para o exercicio 2014 ascende a 163.104 euros.

Co obxecto de analizar as prioridades de gasto a realizar en materia de acción social en 2014 co crédito sinalado, constituíuse unha Mesa con representación de todas as organizacións sindicais e agrupacións de persoal. Pola representación do equipo de goberno informouse que, a priori, a redución practicaríase parcialmente sobre os seguros concertados para o PDI (vida/accidentes) e para o PAS (asistencia sanitaria), sen que polo tanto afectase á exención de matrícula nin ás axudas para as escolas infantís, xa que estas accións están a facilitar, por unha parte, a formación do persoal universitario e dos seus beneficiarios directos e, por outra, medidas de conciliación da vida familiar e laboral. Sen embargo, e a pesar de que na Mesa non se puido acadar ningún acordo sobre outras alternativas, abriuse un intenso debate sobre as políticas, prioridades e criterios a desenvolver en adiante en materia de acción social de todo o persoal da UDC.

En definitiva, a redución orzamentaria da acción social en 2014 aplicarase unicamente sobre os contratos de seguro do persoal, de forma que nos de vida e accidentes do PDI minorarase o capital das coberturas contratadas e no seguro de asistencia sanitaria (ou nas axudas equivalentes) do PAS funcionario deberá facerse polo persoal interesado en manter a súa póliza de saúde unha achega ao prezo actual nas correspondentes mensualidades de 2014 (ou a correspondente minoración da axuda). Esta redución realizarase en cada colectivo en proporción ao gasto efectuado para cada un en 2013. Ao PAS laboral que aínda non se funcionarizou, manteráselle o seguro de saúde nos mesmos termos que en 2013, en virtude dos dereitos garantidos no seu Convenio colectivo vixente.



Xerencia

Por iso, cómpre acordar as modificacións precisas en determinadas prestacións de acción social de 2014 e relativas aos contratos de seguro a que se fai referencia, para adaptalas, nos termos antes sinalados para cada colectivo de persoal, ás previsións orzamentarias dispoñibles para 2014, unha vez que pola Xerencia se ten autorizado a prórroga dos indicados contratos de seguro para o presente exercicio así como as necesarias modificacións orzamentarias para o seu financiamento.

Dada conta destes antecedentes ao Consello de Goberno na súa xuntanza do día 27 de febreiro de 2014, e de conformidade coas atribucións delegadas por Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2012,

RESÓLVESE:

Primeiro.- Minorar os capitais das distintas coberturas comprendidas nos contratos de seguro de vida/accidentes do PDI como resultado da redución do importe do prezo que en 2014 se aboará polas correspondentes pólizas. Polo Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social comunicárase aos asegurados as novas contías das indicadas coberturas, unha vez sexan informadas pola compañía de seguros.

Segundo.- Ao actual PAS laboral fixo manteránselle na súa integridade as condicións do seu seguro de enfermidade, prorrogado para o presente exercicio, en tanto en canto manteña esta relación laboral coa UDC.

Terceiro.-

- a) O PAS funcionario que en 2014 ostente a condición de asegurado do contrato de asistencia sanitaria, deberá facer no presente exercicio, e con efectos do 1 de xaneiro de 2014, unha achega ao prezo mensual da póliza por importe de 11,96 euros, que se detraerá de nómina para a súa posterior transferencia á partida orzamentaria 10.00.422D.162.14, desde a que se aboa o prezo completo da póliza á compañía aseguradora.

Na nómina do mes de abril de 2014 descontarase o importe correspondente desde 1 de xaneiro de 2014, en función do período prestado en servizo activo como funcionario.

Ao persoal funcionario que se encontre en situación de maternidade/paternidade, permiso sen soldo, incapacidade ou calquera outra situación pola que non estea a percibir retribucións con cargo á UDC, se lle descontarán as cantidades previstas neste apartado unha vez se teña reincorporado ao seu posto de traballo durante 2014.

- b) Co obxecto de que o PAS funcionario referido poida manifestar o seu interese en manter a condición de asegurado nos termos recollidos na letra a) precedente, ou optar por renunciar ou ser incluído no seguro de asistencia sanitaria, ábrese un prazo ata o vindeiro **día 21 de marzo de 2014** para presentar a correspondente solicitude,



conforme ao modelo anexo. Nesta solicitude, o persoal que opte por manter a condición de asegurado ou ser incluído no seguro autorizará o desconto na súa nómina mensual durante 2014 da contía sinalada na letra a) en concepto de achega ao prezo da póliza. No suposto de que no prazo sinalado non se presente a correspondente solicitude, entenderase que opta pola renuncia.

- c) Ao PAS funcionario que para o presente ano 2014 teña optado pola convocatoria xeral de axudas, non estando así incluído no seguro de asistencia médica, minoraráselle o importe da axuda en 143,52 euros en cómputo anual, ou na contía proporcional que lle corresponda polo tempo durante o que estea incluído durante o período comprendido na dita convocatoria no réxime de axudas. Esta minoración de axuda contemplarase na convocatoria xeral correspondente o ano 2014.

Cuarto.- Polos Servizos de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, de Xestión Financeira e de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, adoptaranse as medidas necesarias para a aplicación do disposto na presente Resolución. Polo Servizo de PAS comunicarase mensualmente e coa maior celeridade ao Servizo de Retribucións a relación de altas e baixas de persoal funcionario, co obxecto de que estas variacións se reflictan mensualmente no réxime de achegas ao prezo da póliza de seguro previsto no apartado Terceiro desta Resolución.

A Coruña, 10 de marzo de 2014.

O xerente,

Juan M. Díaz Villoslada.

PDI / PAS

Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social.

Servizo de Xestión Financeira.

Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

Servizo de PAS.

Vicexerencias dos Campus da Coruña e de Ferrol.